



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE MARZO DE 2016 (NÚM. 04/16)

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello de Bueu

Data: 16 de marzo de 2016

Hora convocatoria: 21:00 horas

Hora comezo: 21:05 horas

Hora remate: 22:05

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros:

Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:

D. Martín Villanueva Pastoriza

D. Juan Carlos Eirea Eiras

D^a Ana Isabel Otero Pastoriza

D. José Inocente García Cuervo

D. Fidel Castro Quiroga

D^a M^a José Pérez Piñeiro

D. Manuel Otero Pérez

D. Xosé Leal Fariña

D^a M^a Teresa López González

D^a Silvia Carballo González

D^a Inmaculada Concepción Rodríguez Días

Polo grupo Partido Popular:

D^a Berta Pérez Hernández

D. Manuel Santos Pires

D^a Mercedes del Pilar Otero González

Polo grupo PSdeG-PSOE:

D. José Manuel Vilas Pastoriza

Polo grupo SON

D. Julio Villanueva González

Secretaria:

D^a Nuria Lobato del Río

Interventor:

D. Sergio Curra Moreira

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 21:05 horas do día 16 de marzo de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión extraordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 161/16 de data 11 de marzo de 2016 e notificada os membros da mesma:



- 1. Dación conta do informe de avaliación de estabilidade presupostaria e nivel de deuda viva comunicado ao Minsiterio de Hacienda e Administracións Públicas con motivo da prórroga do orzamento de 2015.**
- 2. Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda do Concello de Bueu, relativa á aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu.**

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a sesión.

1. Dación conta do informe de avaliación de estabilidade presupostaria e nivel de deuda viva comunicado ao Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas con motivo da prórroga do orzamento de 2015.

Polo sr. alcalde dase conta do informe de avaliación de estabilidade presupostaria e nivel de débeda viva comunicado ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con motivo da prórroga do orzamento de 2015.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de avaliación de estabilidade presupostaria e nivel de débeda viva comunicado ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con motivo da prórroga do orzamento de 2015.

2. Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda do Concello de Bueu, relativa á aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura do ditame da Comisión informativa permanente de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda do Concello de Bueu en sesión celebrada o 11.03.2016 sobre a proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda de 08.03.2016 que literalmente di:

" (...) Antecedentes:

1.- Por acordo do Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada o 31.07.2013 aprobouse inicialmente o PXOM, someténdose a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios no taboeiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, (DOG) do 03.09.2013 (nº 167), no periódico Diario de Pontevedra de data 03.09.2013 e no periódico Faro de Vigo de data 03.09.2013. Mediante acordo plenario adoptado en sesión do 04.11.2013 amplíase o prazo de información pública durante un mes máis, publicándose os correspondentes anuncios no DOG do 27.11.2013, (nº 227), no periódico Diario de Pontevedra do 05.11.2013 e no Faro de Vigo do 07.11.2013.

2.- Simultaneamente e durante o mesmo prazo de información pública, deuse audiencia aos municipios limítrofes, Marín, Moaña e Cangas aos efectos da presentación das alegacións que considerasen oportunas, someténdose ademais ás consultas previstas no Documento de Referencia para o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

3.- No período de información pública presentáronse 812 alegacións, tal e como consta no certificado de secretaría de data 26.12.2013 e na dilixencia e índice de documentos da xefatura de negociado de urbanismo de data 23.02.2016.

No documento do PXOM aportado por Oficina de Planeamento SA con data 16.06.2015, (nº rexistro 4687) infórmanse 811 alegacións presentadas na fase de información pública e 6 presentadas fóra da mesma, contendo respostas individualizadas a cada unha de elas con referencia ao número de rexistro e nome do alegante.



Con data 27.01.2016, (nº rexistro 524) preséntase polo equipo redactor Informe Resposta á alegación presentada con data 23.10.2013, (nº rexistro 5954), e polo tanto dentro da fase de información e da que por erro na tramitación non se deu traslado xunto coas outras alegacións presentadas ao equipo redactor. Así mesmo, o 03.03. 2016, (nº rexistro 1478) apórtase Informe en relación á incongruencia detectada na resposta á alegación con rexistro de entrada nº 7432 presentada con data 03.12.2013.

4.- Constan no expediente as correspondentes solicitudes de informes das diferentes administracións sectoriais de datas 27.08.2013, 20.09.2013, 09.11.2015, 13.11.2015 e 16.11.2015.

5.- Con data 18.08.2015 e 23.12.2015 remítese o Documento para Aprobación Provisional do PXOM, presentado polo equipo redactor con data 16.06.2015, (nº rexistro 4687), ao órgano ambiental competente, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, aos efectos da elaboración da memoria ambiental. O documento incorpora as modificacións que debeñen do trámite de información pública e de consultas así como da cumprimentación dos informes sectoriais emitidos tras da aprobación inicial.

6.- Pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental díctase resolución de 30.12.2015 pola que se formula a Memoria Ambiental do PXOM, (nº rexistro 76 do 07.01.2016), considerando a viabilidade ambiental do plan sempre e cando se incorporen as determinacións establecidas na mesma.

7.- Mediante escrito de data 27.01.2016 e nº rexistro 523 Oficina de Planeamento SA presenta os documentos do PXOM para a súa aprobación provisional, sinalando que incorpora as modificacións que debeñen do trámite de información pública, e de consultas así como da cumprimentación dos informes sectoriais emitidos despois da aprobación inicial. Ademais incorpora as modificacións que resultan da integración dos aspectos contemplados na Memoria Ambiental formulada por resolución de data 30.12.2015 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

8.- Con data 03.03.2016, (nº rexistro 1478), preséntase polo equipo redactor do PXOM o “Anexo Modificacións das determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal” que recolle as modificacións a incorporar ao Documento de Aprobación Provisional en resposta ao informe dos servizos técnicos municipais de data 08.02.2016, xunto co informe citado sobre a incongruencia detectada na resposta á alegación presentada con data 03.12.2013 e nº de rexistro de entrada 7432.

9.- Figuran no expediente informes emitidos pola secretaria municipal con datas 26.02.2016 e 08.03.2016.

10.- Polo arquitecto municipal con data 04.03.2016 emítese informe no que á vista do resultado das alegacións presentadas, dos informes das administracións sectoriais, así como das determinacións contidas na Memoria Ambiental e das suxerencias realizadas polos servizos técnicos municipais, conclúese que as modificacións efectuadas non supoñen un cambio substancial en relación ao documento aprobado inicialmente, non alterando o modelo territorial proposto e que non supoñen cambios de criterio na planificación proposta no documento de aprobación inicial. Sínálase expresamente que o Documento de Aprobación Provisional dende o punto de vista técnico non é contrario á normativa vixente e polo tanto infórmase favorablemente.

11.- Consta no expediente informe de data 08.03.2016 emitido polo interventor municipal en relación á viabilidade económica-financieira das previsións contidas no documento do PXOM.

Consideracións legais

1.- En relación á normativa de aplicación, figura recollida no apartado III do Informe emitido pola secretaria municipal de data 26.02.2016.

2.- En relación ao procedemento a seguir a aprobación provisional dos Plans Xerais regúlase no artigo 85 da LOUGA tal e como se sinala no apartado IV do citado informe de secretaria de data 26.02.2016.

De acordo cos antecedentes sinalados anteriormente e as consideracións legais citadas, conforme ao disposto no artigo 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 02 de abril, de Bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Resolver as alegacións presentadas en relación ao expediente de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal tendo en conta o contido dos seguintes documentos:

- As respostas individualizadas que figuran no documento presentado por Oficina de Planeamento SA con data 16.06.2015, (nº rexistro 4687) en relación ás 811 alegacións presentadas na fase de información pública e ás 6 presentadas fóra da sinalada fase de información.



- En relación a alegación presentada con data 23.10.2013, (nº rexistro 5954), dentro da fase de información pública e que por erro non figura no documento conxunto sinalado no apartado anterior, (nº rexistro 4687 do 16.06.2015), de acordo co contido do informe emitido con data 27.01.2016, (nº rexistro 524) polo equipo redactor.
- En relación á alegación con rexistro de entrada nº 7432 presentada con data 03.12.2013, no sentido sinalado no Informe aportado polo equipo redactor con data 03.03. 2016, (nº rexistro 1478).

Segundo: Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu co seguinte contido:

- Documento de Aprobación Provisional presentado por Oficina de Planeamento SA con data 27.01.2016 e nº de rexistro 523, integrado polos seguintes documentos:

INFORMACIÓN:

- Síntese da Información Urbanística. Estudo do Medio Rural. Análise do Modelo de Asentamento Poboacional. Ficheiro de Núcleos Rurais.

ORDENACIÓN:

- Memoria xustificativa dos fins, obxetivos e determinacións do Plan. Estratexia de actuación. Estudo económico financeiro. Memoria de sustentabilidade económica.
- Normativa Urbanística.
- Catálogo.
- Informe de sustentabilidade ambiental.
- Memoria Ambiental.

PLANOS:

Planos de Ordenación

Planos de Información. (nº rexistro 4687 do 16.06.2015).

Terceiro: Dar traslado do expediente completo do PXOM debidamente dilixenciado á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva, de acordo co sinalado no artigo 85.7 da LOUGA.(...)"

O alcalde manifesta a súa satisfacción por formar parte da Corporación que aprobará con total seguridade o novo planeamento urbanístico de Bueu o que lle chamamos PXOM. A decisión que imos tomar, terá una incidencia e protagonismo evidente tanto na actividade municipal como nos intereses da cidadanía. Para ser xustos deixa patente que a proposta que hoxe se somete a consideración do pleno, responde ó traballo de moitas persoas a nivel político, técnico e do funcionariado, especialmente da administración local e autonómica. Resalta e agrade una vez máis o apoio e axuda ofrecida e prestada pola Secretaria Xeral de Urbanismo D Encarnación Rivas, quen foi determinante na consecución do obxectivo co que hoxe estamos aquí.

Como non podía ser doutro xeito, o seu recoñecemento e agradecemento a todas as persoas que contribuíron a que Bueu estea ás portas de abrir una nova etapa, un futuro con novas e máis oportunidades para a cidadanía en xeral, e, en particular, para un sector –o inmobiliario– especialmente castigado pola crisi económica nos últimos anos e inxustamente tratado en moitas ocasións, A evolución ao longo da historia dun Concello, debe ser tarefa de representantes públicos, de axentes sociais e do movemento asociativo; en definitiva, da sociedade o seu conxunto.

Este Plan Xeral de Ordenación Municipal obedece a este traballo e compromiso colectivo. Está seguro que a proposta que se vai aprobar, non satisface plenamente a ninguén, pero correspóndese coa mellor das posibles, en atención ao marco legal vixente, así como á capacidade dos Concellos á hora de tomar decisión no referente ó modelo urbanístico dexasado. Respecto da tramitación do Plan Xeral que a continuación o Concelleiro explicará con maior detalle, debe decir e lembrar una vez máis, que se fixo con absoluto rigor técnico e



procedemental, garantíndose o maior grao de participación cidadán posible, como demostra a ampliación da exposición pública e período de alegacións que se estendeu de dúas a tres meses, para poder así atender ás persoas que precisaron información e asesoramento.

O acordo de aprobación inicial contou con amplo respaldo político, sen nengún voto en contra. Neste senso quere agradecer ó apoio anunciado de antemán do Concelleiro Xulio Villanueva, desexando que o resto dos grupos políticos dos Concelleiros e Concelleiras que componen a actual Corporación se sumen ao consenso.

Remata a súa intervención cunha mención especial ó Concelleiro de Urbanismo e Tenente de Alcalde Martín Villanueva porque, grazas a súa tenacidade e compromiso, faráse realidade unha aspiración colectiva e que levamos tendo como prioridade todos estes últimos anos.

De seguido o alcalde lle cede a palabra ao concelleiro de Urbanismo.

O sr. Villanueva Pastoriza, logo de favor unha breve introducción, pasa a dar lectura á súa proposta de 08.03.2016 transcrita anteriormente.

Continúa a súa intervención dicindo que o que realmente se vai facer hoxe é continuar coa tramitación do Plan; hoxe non remata nada, somentes dar un paso máis na tramitación do expediente. Do resultado que salga, mañá mesmo poñeránse a traballar para dar o seguinte paso: preparar a documentación dilixenciada para enviar á Secretaría Xeral de Urbanismo, quen ten que revisar este documento e, no seu caso, prestar a súa aprobación definitiva. Trámite que levará de dous a tres meses, dependendo do traballo técnico e das observacións que fagan ó documento.

Trátase dunha tramitación longa e complicada: Documento de inicio no 2010; documento de referencia por parte da Xunta en marzo de 2011, ó que se ten que ceñir a tramitación do Plan; con este documento de referencia o equipo redactor elabora o documento para informe previo á aprobación provisional, en marzo de 2012, que se remite a Secretaría Xeral de Urbanismo para que emita informe previo, o que acompaña informe sobre o POL en materia de costas. Con eses informes previos redáctase o documento de aprobación inicial que se leve a Pleno o 31 de xullo de 2013, someténdose a exposición pública por un período legal de dous meses, aínda que longo foi prorrogado un mes máis. Durante ese período de exposición foron recollidas 800 alegacións e suxerencias de colectivos, veciños, particulares, políticas... A continuación foi sometido a consulta de distintas administracións con competencias no noso Concello, cun total aproximado de 20 administracións, tanto da Xunta como do Estado, das que formos recibindo informes o longo destes dous anos medio de tramitación. Ben sabido é o retraso acumulado sobre todo polo informe de Patrimonio que relantizou o traballo que se estaba facendo hasta hai poucos meses.

Previamente a poder convocar este Pleno é preceptivo tamén por lei que o órgano ambiental emita a memoria ambiental previa á redacción do documento ó que houbo que enviar todas as alegacións veciñais, os informes sectorais con certa incidencia ambiental e o documento para aprobación provisional. A Consellería de Medio Ambiente emite a memoria ambiental en decembro de 2015, considerando o noso Plan medioambientalmente viable, a expensas de incorporar unha serie de determinacións que se integran neste documento.

En 27 de xaneiro de 2016 o equipo redactor presenta o documento para aprobación provisional. Polo tanto, este documento é o resultado da fase de alegacións públicas, de recoller todos os informes sectorais das distintas administracións, e de integrar a memoria ambiental, resultando o documento que traemos aquí o día de hoxe.



Conta cos informes técnicos tamén de aquí da casa (do Concello), de Intervención, da Secretaría do Concello e do Arquitecto Municipal, que avalan neste caso que avalan a súa tramitación.

Polo tanto, nos adaptamos estrictamente en todo este tempo á tramitación marcada pola lei; neste caso o artigo 85 da Lei do Solo.

Resaltar que gustaríalle que hoxe fose unha sesión importante para o que representa para o noso Concello; pensa que Bueu é un dos pioneiros na comarca en contar con planeamento, porque temos unha tradición urbanística mui importante compartida por todos ó longo de moitos anos. Bueu xa dispoñía dun Plan en 1926 do Enxeñeiro Sr. Picó, onde xa se establecían unha serie de determinacións para o noso Concello, quere dicir que xa fomos pioneiros e temos experiencia; logo viñeron as Normas Subsidiarias que afondaron nesa experiencia e serviron de marco durante 30 anos para profundizar aínda máis na experiencia urbanística. Nos permitiu ampliar a nosa trama urbana, conseguir doazóns, ter un parque empresarial, entre outras cousas... Empezar a ter respecto polo medio ambiente e polo patrimonio, sendo cousas que aporta o planeamento a experiencia urbanísticas destes anos. O que vamos a facer hoxe é afondar nesa experiencia urbanística, pensando que é o momento no marco social, económico e urbanístico axeitado para dar este paso.

Por último, valorar positivamente, como dicía antes o Alcalde, o apoio recibido na aprobación inicial por parte do plenario da Corporación, que serviu tamén para dar pasos firmes na tramitación, aínda coa abstención do PP cunha intención de mellorar o documento.

Por responsabilidade e por convicción preséntase este documento, pensando que os 17 nomes dos Concelleiros que hoxe estamos aquí quedaran marcados dunha maneira positiva e favorable no que vai ser a historia do noso planeamento.

Rematada a lectura do ditame polo Sr. Alcalde e da proposta polo sr. Villanueva Pastoriza e da súa xustificación, a presidenciae declara aberto

Debate

▪ Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE)

Entende que Bueu precisa dun documento xa que dende o ano 1986 en que entraron en vigor as Normas Subsidiarias é necesario dar un cambio, máis no senso normativo que de ordenación, posto que estas normas que temos dende 1986 en ordenación case non se desenrolaron; desenrolouse o Paque Empresarial na súa totalidade creo, un Sector das Lagoas, e logo houbo unha modificación puntual en Massó e un convenio creo, non estou seguro, na de Alonso.

A tramitación debe garantir a legalidade vixente, así como o dereito de todos os veciños da Vila.

En canto ó PXOM que nos obrigan hoxe a traer ó Pleno, polo pouco que puiden mirar, dada a insistencia deste goberno en que a oposición sea cega e muda, polo menos na tramitación dende que eu son Concelleiro, hai puntos que propoñen nos que sí temos unha verdadeira coincidencia. Poden ser no que propón o Plan Xeral sobre o Parque Empresarial, ou tamén o que eu denomino centro de Bueu ou casco urbano de Bueu, incluso o caso urbano de Beluso.

Agora ben, hai moitos puntos nos que se podería haber chegado a un consenso, volvo a repetir, polo menos dende que eu son Concelleiro, pero que non foi posible porque eu repetidas veces pedínlle ó Concelleiro de Urbanismo nas poucas, tamén hai que dicilo,



Comisións de Urbanismo que houbo ata o momento, varias reunións para falar e para ter coñecemento das tramitacións que se están levando a cabo. Ata fai pouco, non tivemos ningunha.

Estas cuestións que se poden considerar menores son, por exemplo, que no Plan Xeral se sinala que unha parada de autobuses ou unha estación de autobuses no entorno das Lagoas, o cal ao meu entener non sería moi bó, entendendo que hai outros sitios como o POL 4 que está situado entre Pazos Fontenla, Castelao e Avda. de Cangas que lle parecen máis idóneos.

Tamén se fala dunhas infraestruturas para depósitos de auga necesarios para garantir o subministro en boas condicións, que creo que están denominadas como ST A4 05 06 que se teñen pensado facer mediante expropiación, crendo que hai sitios máis idóneos para ubicalos.

Non existe, ao meu entender, un equipamento específico deportivo en Cela.

Despois hai cuestión sobre os denominados POL. Estes días estiven tratando de mirar os planos deste Plan Xeral e hai zona de Bueu que, á miña modesta opinión, necesitarían dunha figura como estas, como poden ser uns terreos que hai entre o que é a calle Cubela e o Norte; terreos como os que hai nas Meáns, aínda que abaixo hai un, na parte de arriba hai terreos que se poderían considerar incluílos neses POLs. Cre que o POL tamén é potente e necesario para potenciar o rural; entende que o rural, aparte do asfaltado, que é moi bó que se asfalte, como dí o Alcalde, necesítase tamén parques, zonas de esparcemento, que non só é cuestión de marcarlle no PX unhas zonas a expropiar ou unha finca a propósito a expropiar; cre que con eses POLs podíase acadar o desenvolvemento dunha pequena, non estou falando de grandes cantidades de solo, pero que poden servir para dotar de infraestruturas e de servizos ós núcleos rurais.

Extráñalle que no POL o goberno sucumbira ante as presións veciñais e que fosen eliminados dous POLs que había aquí en Bueu. Entende que se un Plan Xeral, ben cun POL, con dous, ou con dez que trae este, mais o menos, no sabe exactamente, se están aí situados é porque alguen entende que debe haber un POL ou un Polígono de Desenvolvemento o como se chame, dentro desa zona, e que non se debe secumbir ás presións veciñais.

Outro aspecto que non lle gusta nada do Plan Xeral, é o tratamento que se lle dá os núcleos rurais. Entende que con este documento se está a certificar a defunción do rural; o que antes era solo de Entidade Rural, con 500 m. de parcela para construír (600, 500 con rede de sumidoiro), divídese en dous tipos de solo: NS1, NS2. No NS1 aplícaselle unha edificabilidade, ou se lle aplicaba, agora modificouse un pouco cre entender, na redacción desta proposta, pero no NS2 pídesse unha finca de 800 m² para poder construír. Parécelle unha auténtica animalada.

A base das empresas de Bueu (construción, electricidade, fontanería, saneamento... calquera tipo de empresa que se adica a isto), non está en desenvolver solos grandes nin está nos POLs, nin está neso; está nas vivendas unifamiliares.

Cre que se está recortando a posibilidade de facer grandes cousas polo sector. Acábase a residencia habitual en fincas herdadas, xa que non acadan a maioría a superficie dos 800 m. Todo mundo sabe que a maioría das parcelas que se heredan non pasan de ferrado ou ferrado o medio; un ferrado son 475 m. e ferrado e medio serían 600 e pico, case 700.

A cambio disto promócióname a segunda residencia de persoas que teñen capacidade para mercar o terreo que faga falta e para agrupar fincas no seu caso.



Por todo isto que está propón no rural, a cambio métese con calzador un solo a desenrolar na Graña de, penso, 68.000 m2, pido disculpas se me equivoco porque non teño o dato exacto, onde ata agora había un terreo clasificado como solo rústico.

Neste Pleno pretenden aprobar provisionalmente o PXOM sendo conscientes de que as modificacións introducidas tra-la aprobación inicial son substanciais e de calado, aínda que o Arquitecto Municipal se esforce en dici-lo contrario, ou polo menos, non dicilo.

Entende que un Plan Xeral non debe beneficiar, se acaso igualar, pero o que non pode é perxudicar a tanta cantidade de xente como vai perxudicar.

As modificacións instroducidas, as numerosas alegacións dos veciños, a supresión dos POLs nombrados con anterioridade, a ampliación de vivendas catalogadas, por exemplo, as Casas Baratas, deixando fora unha que ten un estudo de detalle de fai pouco, pero incluído outra zona que ten un estudo de detalle dende o ano 98. Cataloga estas vivendas, nembargantes non cataloga as vivendas do grupo San Telmo, que son do mesmo ano e das mesmas condicións.

Os informes das distintas administracións e do propio Concello, incluso da Asociación ACAP, supoñen unha alternación notable da estrutura do Plan, e ata diría que supón un cambio de creterio na planificación inicialmente proposta.

Con este PXOM o único beneficiario é o propio goberno, e os únicos que deberían beneficiarse e que non se benefician son os veciños.

Remata anunciando que o voto do seu grupo (PSdeG-PSO) será en contra da proposta de aprobación do PXOM, considerando que a mesma pode resultar nula de pleno dereito, a tener do disposto na lei. Resulta necesaria e ineludible a exposición pública deste último documento, so pena de incorrer en aprobacion do mesmo en nulidade de pleno dereito e esta non é unha consecuencia baladí.

Se aproban este texto e resulta nulo de pleno dereito, será directamente responsable das consecuencias que a nulidade comporte, e nos non imos ser partícipes deste despropósito.

▪ **Sr. Santos Pires (P.P.):**

O Alcalde lles pide consenso e non saben o que facer; pide consenso pero non facilita a labor de fiscalización da oposición.

Imaxinémonos que teñen que tomar a decisión os veciños de Bueu coa documentación que teñen no expediente, e cando facilitan a copia dáselle tarde, mal e arrastro.

Comeza dicindo que a cartografía está desfasada porque é do ano 2006 e temos constancia de que as fotografías que se fan no traballo están quitadas dende un coche en marcha como xa probamos no seu día.

Nembargantes o traballo técnico é moi loable para o equipo de goberno. Na mesma proposta da Alcaldía di que hai un erro porque non se ten unha alegación que se manda o equipo redactor e que hai que mandarlla máis tarde. Por outro lado, din que hai que correxir unha alegación porque hai incongruencia na contestación; e o traballo do equipo segue a ser bó.

Cando o departamento de Secretaría emite un informe dicindo que non constan os planos de información; que o informe propón modificacións sin indicar a cousas que poden levar as modificacións; cando as modificacións instadas dende o Concello con posterioridade á presentación do documento para a aprobación provisional, sen especificar as concretas



razóns que as xustifique; cando non se dí si son modificacións substancias ou non; cando o informe do Arquitecto Municipal contesta escuetamente a tódolos informes sectoriais *“se ha comprobado su inclusión en el documento de aprobación provisional de manera satisfactoria”* menos nun que di *“se concluye por tanto que el trámite queda cumplimentado y será validado en la aprobación definitiva”*, pero nese punto non di que está cumplimentado; cando o informe de Intervención nos dí *“que o documento non acredita conformidade algunha con las distintas administraciones respecto al investimento que se les atribuye”*; que o documento recolle unha circunstancia prevéndose teña unha cobertura de costes mediante taxas, prevision que resulta insatisfactoria; que o horizonte temporal previsto para a realización e de 8 anos, abrangando o período 2015-2022, e que debería ser actualizado o período actual que non se fai no estudo.

En base a todo iso o traballo sigue sendo tecnicamente loable; pero é máis, cando presentamos os veciños 811 alegacións, en Comisión Informativa pedimos que se nos dera acceso ó soporte para contestación das alegacións, se nos dí que non temos esa documentación no Concello, e que posiblemente a teña o equipo redactor, porque claro, son contestación técnicas e que, en principio, deberían de estar correctas, cando no mesmo informe se di que unha alegación ten incongruencias, Nos parece aberrante que non se lle contesten as alegacións os 811 alegantes, cando menos é de moi pouca ética.

Agrademos publicamente o traballo dos distintos técnicos do Concello de todos los departamentos, en especial Secretaría, Intervención e Urbanismo, porque cremos que, en base o que nos está costando e o que cobrou o equipo redactor, e moitísimo mellor o traballo dos nosos técnicos que o traballo técnico do que lle pagamos ó equipo redactor.

Con todo iso, facemos fai pouco un Pleno onde presentados unha moción dicindo que queremos que o equipo de goberno nos facilite o acceso á documentación e que se os diga como vamos a acceder, e se nos contesta que era mellor que a retiremos porque van non votar en contra e quedaría pendente dunha pronta Xunta de Voceiros, que a día de hoxe non se prudiciu, e entende que debería ser antes de facilitar información do PXOM.

Por moito que pida consenso, non se pode pedir consenso cando non se facilitan as cousas.

Por respecto ó traballo que fixeron os departamentos do Concello, non imos a votar e vámonos ausentar do Pleno no momento do remate da miña intervención; pero nos traballos do equipo redactor gustaríanos saber si consta xa expresamente esa documentación que pedimos para contestación das alegacións, e máis, dende a Comisión de Urbanismo solicitamos que se emitira un informe polo Arquitecto Municipal que no expediente non consta.

Incidencias: Cando son as 21:45 horas, auséntanse da sesión os tres Concelleiros do Partido Popular (Sra. Pérez Hernández, Sr. Santos Pires e Sra. Otero González).

▪ **Sr. Villanueva González (SON):**

Comeza anunciando o seu voto favorable ó PXOM.

Nun mandato anterior, do que formaba parte da Corporación (en 2003) xa coleaba isto do Plan Xeral, e cre que se ganaron unha moción de censura por culpa de querer facer un novo Plan; era moi goloso para certa xente. Agora parece ser que é menos; non quiso velo naquela época e tampouco quere velo agora.

Confía plenamente nos técnicos, tanto municipais, como do equipo redactor, e confía sobre todo na tutela da Xunta de Galicia.

Non vai dicir que está contento con todos os trámites. Isto debería estar feito xa fai moitos anos; seica houbo moitos atrancos e moitas barreiras que superar, pero agora estase a facer



un pouquiño rápido, porque se non, todos os cargos que se gastaron coa nova Lei do Solo igual teríamos que volver a empezar de cero, e xa está ben de ter unha Normas do ano da patata e que, cada vez que cambia a Xunta o alguen de Urbanismo arriba queira facer un novo Plan; que se o feismo de Cuíño, que agora non sei que, que se o novo Plan do Solo, e o final tiramos para adiante e Bueu polo menos poderá ter unha bases para regular.

Que poderían ser mellorables, por suposto; que poderían ser peores, por suposto que tamén; como ni as veu ni as coñece, pois confiando plenamente nos técnicos e nos políticos que tomaron as decisións, tanto por parte do Concello, como por parte da Xunta de Galicia, en cantos os informes preliminares favorables, remata anunciando o seu voto favorable a aprobación do Plan Xeral.

▪ **Sr. Villanueva Pastoriza (BNG):**

Gustaríalle seguir na mesma liña que ven mantendo dende fai cando menos dous danos e medio, dando sempre as explicacións oportunas, atendendo a moitísima xente que recibiu as explicacións precisas, e que sempre houbo un bó entendemento político. Non sabe que pasou ata o día de hoxe, para que non siga habendo.

Dicir que en dous anos e medio dende a aprobación inicial deste documento, cero Concelleiros da oposición pasaron polo departamento de Urbanismo a interesarse por nada. Penso que hoxe están representando ese desinterese durante dito período de tempo.

É unha demostración de que nin tiveron interese, e dalgunha maneira teñen que dar resposta a súa incapacidade, o seu desentirese ou non sabe que; non se explica o está vendo hoxe aquí.

O Sr. Vilas quere dicirlle, se dos anos medios despois da aprobación inicial ven cunha serie de cousas, preguntalle porque no seu momento nonas presentou por escrito como fixeron 811 persoas, e que lle contestaría o equipo redactor unha por unha. O tema dos núcleos; o tema dos POL.

A xente veu aquí e presentaron alegacións, e nin Vd. nin o Partido Socialista presentaron alegacións ó Plan Xeral, entendendo que lle parecía perfecto naquel momento, ou sexa naquel momento tivo a oportunidade de dicilo o seu partido político ou Vde. como persoa, como veciño deste Concello, se non estaba conforme coa proposta.

Dous anos e medio despois onde se debateron todas esas cuestións que foron matizadas e explicadas polo equipo redactor, por qué a parcela de 800 m., por aquilo e polo outro, non ten senso que agora que estamos ás portas de aprobación dun Plan Xeral, que se prantexen estas cuestións.

Neste tempo de dous anos e medio, ningún Concelleiro da oposición pasou polo Departamento de Urbanismo a interesarse polos informes sectoriais nin polas alegacións, nada; só ata un mes anterior a este Pleno, que se presentou a proposta. Esa é realidade.

Durante un ano estivemos esperando polo informe de Patrimonio, que non daba chegallo e a memoria ambiental; aí se reduce a historia do Plan Xeral no último ano, e así foi explicado en Comisión de Urbanismo, e quen quisu preguntar preguntou e foron aclaradas un motón de cousas; o tema de alegacións dixen que estaban a súa disposición aí dende fai meses, que estaban os informes sectoriais e que podían velos cando quixeron.

Verter dúbidas sobre a tramitación do Plan. Penso que estamos aquí como políticos, non estamos como Arquitectos nin como Avogados. Fixo unha serie de aseveracións que corresponden neste caso a un Arquitecto ou a un Avogado, non sei onde di que o Pleno é nulo de pleno dereito.



Haberá matices e cuestións que non se resolven e que quedarán abertas, pero hai unha proposta técnica, pechada, que pasou por un montón de administracións e que está perfectamente preparada para súa aprobación. Non podemos esquecernos do marco legal, porque os núcleos delimitáanse segundo a lei, os Polígonos delimitáanse segundo a lei, tomo está amparado por unha lexislación urbanística.

Previo á aprobación inicial, foi sometido o documento a un informe da Consellería, onde xa nos poñía unha serie de cuestións enriba da mesa, no solo urbano, nos polígonos, nos accesos ás estradas en distintos sitios, nos núcleos, medindo incluso os 50 metros da última vivenda tradicional e hubo que recortar, e foron presentadas 811 alegacións e se van a contestar parcialmente ou favorablemente 470 cre lembar.

▪ **Sr. Alcalde-Presidente:**

Abre unha nova quenda de intervencións, dándolle a palabra ó Sr. Vilas Pastoriza.

▪ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Reitera o que dixó; simplemente que non está dacordo co manifestado polo Sr. Villanueva Pastoriza. Como Concelleiro solicitou varias reunións de rorma reiterada. Este documento deberíamos velo entre tódolos Concelleiros, un de cada grupo, ven sexa en Comisión, Comisión de Seguimento ou como se lle queira chamar.

Non se trata de vir un aquí e ler, hai que comparalo, falar, miralo, non é cuestión de velo simplemente. Hai que facer unha Comisión de Seguimento que se chamaban, que se fixeron ultimamente sen ter siquera o Plan Xeral diante.

Con respecto ó Sr. Villanueva González, como Concelleiro que non lle interese o Plan Xeral parécelle mal, porque cando aquí cando ven algo de pesca, dos mexilloeiros... procuro enterarme e procuro votar, sempre a favor, e perdo o tempo en mirar os papeles e documentación, e hai que perder o tempo con todo, non só co que nos convén.

▪ **Sr. Villanueva González (SON):**

Sr. Vilas ten Vde. toda a razón. A min non me interesa o Plan Xeral, non me interesa velo en profundidade como fixo algún antecesor seu que viña a miralo e somentes tiraba hacia Beluso. Non me interesa o Plan Xeral por dúas cousas fundamentais: unha, porque chegamos fai un ano e isto leva coleando dende o 2010 como mínimo, e comprenderá que a se a Xunta tarda un ano, non vamos nos a facelo de novo, o mellor o que se esperaba aquí é que a Lei do Solo paralizara todo e houbera que facelo de novo, no vin detalladamente pero si me enterei de cómo vai, porque a compañeira do meu partido que estaba aquí si se enterou bastante e mo explicou, co cal era votou a favor como fixo o seu compañeiro daquela, e eu, por coherencia co partido, vou a votar tamén a favor.

Pero sí interésame o Plan Xeral, considerando como unha das cousas prioritarias para o Concello de Bueu.

▪ **Sr. Alcalde-Presidente:**

Se non hai máis intervencións, quixera pechar o debate dicindo que, efectivamente, esta é a hora da verdade. Durante anos estivemos laiano publicamente que Bueu non tiña un Plan Xeral, incluso responsabilizando ó goberno municipal do retraso, tardanza na tramitación e aprobación do Plan Xeral. Non fai moitas datas, en relación con outro asunto que non procede neste momento comentar, se utilizaba o Plan Xeral como arma arroxadiza contra este goberno, dicindo que, de ter aprobado tal documento, seguramente non tivéramos o



problema que tivemos nese momento. Esa é forma de instrumentalizar os asuntos, cando se di unha cousa nese momento e se dí a contraria cando corresponde.

O que está a pasar hoxe aquí non é nin máis nin menos que o que está no guión de cada un; o goberno ten o deber de gobernar, de tomar decisións e de arriscar, e a oposición, loxicamente exclúo o Sr. Villanueva González porque foi claro dende o primeiro momento, está no seu papel de opoñerse e de intentar entorpecer e torpedear a acción municipal. Non hai nada novo, entón cando non hai argumentos técnicos ou legais, recurrimos ás dúbidas neste caso sobre a legalidade, das advertencias de nulidade de pleno dereito, que vai en contra dos intereses dos veciños, ou recorreremos a ler parcialmente os paragrafos que nos interesan dos informes municipais. Eso está no manual de cada un; do que se trata é de se unha vez por todas temos un novo Plan Xeral. Nos estamos de que sí, de que Bueu teña un novo Plan Xeral, que non se pode esperar mais, figura no noso programa electoral dende fai moitos anos, e cre que no programa electoral de tódolos grupos da corporación. Non escotei ningún programa electoral que si chegasen ó goberno fai menos dun ano paralizarían todo, revisaría o anterior, voltaríamos á fase de inicio. En ningún programa electoral figuraba esa proposta. O que tampouco se pode obviar é que houbo unha aprobación inicial fai dous anos e medio, que está nesa aprobación inicial o contido da actual proposta, á que houbo que incorporar todas as aportacións, correccións, subsanacións... que nos pidiron dende os distintos organismos, pero a proposta, no seu contido, figura aí, e esa aprobación inicial tivo lugar logo dese informe previo de Urbanismo, polo tanto non é baladí, non é un mero capricho que trae este goberno para satisfacción propia en contra dos intereses cidadáns.

Loxicamente esta decisión vai ser xulgada pola opinión pública, somos conscientes, asumimos esa responsabilidade, queremos esa responsabilidade, por algo nos presentamos a unhas eleccións para gobernar, para tomar decisións valientes, como se tomaron no seu momento para que Bueu contase cunhas Normas Subsidiarias pioneiras na Comarca do Morrazo, e se temos que volver a asumir esa responsabilidade e ese risco, o facemos, e o faremos no futuro e cantas veces faga falta. Esa é a nosa posición, invariable dende o primeiro momento. Pódese estar de acordo ou non.

Recurrir neste caso a descalificacións particularmente síntese molesto con algunha delas; é unha cuestión persoal. A actitude e o compartamento de respecto procurará telo sempre, por moitas acusacións directas que reciba, pero os feitos están aí.

Posiblemente hoxe non existiría grupo municipal socialista en Bueu, senón porque este goberno quiso, como pasa noutros concellos onde o grupo socialista ou calquera outro ten un Concelleiro e non se pode constituir como grupo municipal. Nembargantes, este Alcalde, que non facilita o acceso á información saltándose a lei, que ademáis garanta cómo e de que maneira poden acceder á información e á documentación, sí permitiu no seu momento, igual que o resto do goberno, sí se constituíse como grupo municipal socialista. De totalas formas, non vai perder a compostura, vai manter sempre a actitude de respecto.

VOTACIÓN E ACORDO:

Ramatado o capítulo de intervencións, o Sr. Alcalde-Presidente somete a aprobación a proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda de 08.03.2016 relativa á **"Aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal"**, dándose o seguinte resultado.

- Votos a favor: 13 (12 dos Concelleiros do BNG-Asambleas Abertas, e 01 de SON)



- Votos en contra: 01 (do Concelleiro do PSdG-PSOE)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría de votos dos membros presentes da Corporación, acorda:

Primeiro: Resolver as alegacións presentadas en relación ao expediente de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal tendo en conta o contido dos seguintes documentos:

- As respostas individualizadas que figuran no documento presentado por Oficina de Planeamento SA con data 16.06.2015, (nº rexistro 4687) en relación ás 811 alegacións presentadas na fase de información pública e ás 6 presentadas fóra da sinalada fase de información.
- En relación a alegación presentada con data 23.10.2013, (nº rexistro 5954), dentro da fase de información pública e que por erro non figura no documento conxunto sinalado no apartado anterior, (nº rexistro 4687 do 16.06.2015), de acordo co contido do informe emitido con data 27.01.2016, (nº rexistro 524) polo equipo redactor.
- En relación á alegación con rexistro de entrada nº 7432 presentada con data 03.12.2013, no sentido sinalado no Informe aportado polo equipo redactor con data 03.03. 2016, (nº rexistro 1478).

Segundo: Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu co seguinte contido:

- Documento de Aprobación Provisional presentado por Oficina de Planeamento SA con data 27.01.2016 e nº de rexistro 523, integrado polos seguintes documentos:

INFORMACIÓN:

- Síntese da Información Urbanística. Estudo do Medio Rural. Análise do Modelo de Asentamento Poboacional. Ficheiro de Núcleos Rurais.

ORDENACIÓN:

- Memoria xustificativa dos fins, obxetivos e determinacións do Plan. Estratexia de actuación. Estudo económico financeiro. Memoria de sustentabilidade económica.
- Normativa Urbanística.
- Catálogo.
- Informe de sustentabilidade ambiental.
- Memoria Ambiental.

PLANOS:

- Planos de Ordenación
- Planos de Información (nº rexistro 4687 do 16.06.2015).

Terceiro: Dar traslado do expediente completo do PXOM debidamente dilixenciado á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva, de acordo co sinalado no artigo 85.7 da LOUGA.

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as 22:05 horas, de todolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

A Secretaria,

O Alcalde,

Asdo: Nuria Lobato del Río

Asdo: Félix Juncal Novas



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J
